



Programación

FEBREIRO

MARZO

2015

Seráns

Culturaís

A cultura galega está viva e desde a Área de Cultura da Deputación de Lugo así o cremos sempre. Por iso apostamos pola cultura que nos é propia e, aproveitando ao máximo todos os espazos cos que contamos, lanzamos estes **Seráns Culturais** para o goce da xente grande e miúda.



Ao longo dos vindeiros meses na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos, contaremos cunha programación variada para todos os públicos nuns **Seráns Culturais** que pretenden ser unha fiestra máis para poñer en valor a lingua e a cultura que nos é propia.

Así pois, só me resta desexarvos que gozedes cos **Seráns Culturais**!

Mario Outeiro

Deputado Delegado da Área de Cultura e Turismo

4	Mércores	18:00 h	PABLO DÍAZ
12	Xoves	20:30 h	BRAIS DAS HORTAS
18	Mércores	18:00 h	TEATRO GHAZAFELHOS
26	Xoves	19:30 h	DRAMATURXIAS DE BAÚL
		20:30 h	CAXADE

Febreiro





PABLO DÍAZ

Xente miúda
moita fartura

Pablo Díaz presenta o seu novo disco «Xente miúda, moita fartura». O universo en que se move esta nova proposta é de pequeno tamaño, como a xente á que vai dedicado. Fala das cousas máis próximas á vida dos miúd@s, como os insectos, recoller os xoguetes, as cremas de verduras, ou celebrar en galego un aniversario.

Outras datas:

FEB CONCERTO INFANTIL / 18:00 h /
MERCORES Sala de exposicións do Pazo de San Marcos

4 Pablo Díaz

MARZO **30** Ribadeo
Luns 17:30 h / CINE TEATRO

A man with short dark hair, wearing a blue denim shirt over a red and white plaid shirt, is sitting and playing a light-colored acoustic guitar. He is looking down at the guitar with a focused expression. The background is a clear blue sky. Behind him, there are wooden posts and blue circular objects, possibly part of a playground or a boat. A white diagonal line runs from the top left corner towards the bottom right, separating the text area from the image.

ABRIL
Sábado

11

Outeiro de Rei

18:00 h / CASA-MUSEO
MANUEL MARÍA

«Contos de defuntos e outros asuntos»

Brais das Hortas presenta
«Contos de defuntos e outros
asuntos», unha velada de contos na
que se profundizará nos misticismos da
nosa cultura, historias terroríficas que non
nos deixarán durmir da risa.

FEB **CONTACONTOS** / 20:30 h / Sala de exposicións do Pazo de
XOVES San Marcos. Unha vez comezada a función as portas pechanse.

12 Brais das Hortas



«O País dos Mandóns»

Teatro Ghazafellos aterran en Lugo coa obra «O País dos Mandóns», unha pequena adaptación de teatro de tres contos da colección «A Igualdade» de Edicións Émbora. Recreando unhas personaxes imaxinarias, fálannos de Flora e o seu segredo, da urna dos desexos e do País dos mandóns. Contos que convidan a sentirnos iguais dende as nosas diferencias

FEB **TEATRO INFANTIL** / 18:00 h / Sala de exposicións do Pazo de San Marcos. Unha vez comezada a función as portas pechanse.

18 Teatro Ghazafellos



«Libro de reclamacións»

O Libro de reclamacións espera por vós, prégase protestar. Haberá téis variados e café, moito café, todo ao seu gusto nun clima agradable e que incitará á reclamación por parte do público.

O cliente sempre ten a razón, por iso lle cedemos a palabra. Proteste, ou non. Sente e escoite o que reclaman as demais persoas, tranquilamente, cun café na man. E quen di café, di unha infusión tranquilizante. Non queremos que o sangue chegue ao río e o contamine. Reláxese e, como moito, escriba unha folla de reclamacións, que non lle fai mal a ninguén.

(Mostra aberta ao público dos textos creados no Obradoiro de Dramaturxia Roberto Vidal Bolaño impartido por Paula Carballeira.)

FEB **TEATRO** / 19:30 h / Refectorio do Museo Provincial de Lugo.
XOVES Unha vez comezada a función as portas pechanse.

26 Dramaturxias de Baúl

Buxiganga
proxecto teatral educativo





Caxade é o novo proxecto persoal de Alonso Caxade. Indie-folk cun arrecendo a música minimalista e a sons bucólico-pastoris da vella Europa. Música elegante, modesta e sinxela, surrealismo pos-modernista e discurso reivindicativo, metafórico e irónico.

Alonso Caxade: voz, acordeón e chifre de capador.

Manu Paino: trompeta e carillón.

Manu Espinho: bombardino.

Xosé Tunhas: batería.

Outras datas:

ABRIL
Sábado

18

Outeiro de Rei

20:30 h / CASA-MUSEO
MANUEL MARÍA

OUTUBRO
Domingo

18

Ribadeo

20:30 h / CINE TEATRO

FEB **CONCERTO** / 20:30 h /
XOVES Sala de exposicións do Pazo de San Marcos
26 **Caxade**





Marzo



4	Mércores	18:30 h	TÍTERES BABALUVA
6	Venres	20:30 h	CHÉVERE
7	Sábado	20:00 h	SÉS
8	Domingo		DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES
12	Xoves	20:30 h	JOTINHO'S
18	Mércores	18:30 h	MÚSICAS PARA PETO
26	Xoves	20:30 h	TROMENTELOS

4 Títeres Babaluva

MARZO TÍTERES / INFANTIL / 18:00 h / Sala de exposicións do Pazo de
MERCORES San Marcos. Unha vez comezada a función as portas pechanse.

«Cama e conto»

Un espectáculo baseado nas lembranzas de dous personaxes inolvidables, NAI e a súa filla MALVA, que dialogan cos xestos e as palabras pero tamén dándolle vida aos obxectos máis cotiáns nunha montaxe chea de poesía e sentimento. En «Cama e Conto» trátase o paso do tempo como temática central desde unha visión optimista e pegada á realidade máis cotiá.



6 Chévere

MARZO **TEATRO** / 20:30 h / Sala de exposicións do Pazo de San Marcos.
VENRES Unha vez comezada a función as portas pechanse.

«As Fillas Bravas»

Chévere presenta en Lugo un novo proxecto que segue apostando por usar o teatro como ferramenta eficaz para sensibilizar ao público e combater as desigualdades e a violencia de xénero. É unha obra que tamén utiliza a música como soporte, pero nesta ocasión en lugar de música pop usando música tradicional galega. Ademais, o protagonismo non é para unha muller vítima da violencia, senón para tres mulleres maiores, que veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

FICHA TÉCNICA

En escena: Patricia de Lorenzo, Mónica García, Arantza Villar.

Dramaturxia e dirección: Xron.

Escrita: Manuel Cortés.

Adestramento musical: Inés Portela.

Caracterización: Fanny Bello.

Técnica en igualdade: Raquel Piñeiro/Promove.

Comunicación: Xana García.

Produción executiva:

Patricia de Lorenzo.



7 Sés

MARZO ACTO PÚBLICO-CONCERTO / 12:00 h /
SÁBADO Praza de San Marcos

Acto público con motivo do
8 de Marzo,
Día Internacional
das Mulleres



12 Jotinho's

MARZO CONCERTO / 20:30 h /

XOVES Sala de exposicións do Pazo de San Marcos

Jotinho's é unha banda lucense de Bossa Nova-Samba, integrada no seu formato acústico por Silvia Viñas, que pon a voz, Fernán Gómez á guitarra e Ro Muñoz á percusión. O seu repertorio ten un denominador común, os concertos que Vinícius de Moraes e Toquinho ofreceron en Bos Aires e Punta do Este nos locais coñecidos coma «La Fusa».



18 Músicas para Peto

MARZO OBRADOIRO INFANTIL / 18:00 h / Sala de exposicións do Pazo de
MÉRCORES San Marcos. Unha vez comezada a función as portas pechanse.

Obradoiro de músicas pequenas para grandes tocadores, «**Músicas para peto**». O músico e *performer* Ariel Ninas envolve a familia toda neste proxecto que nos permite participar a todas e todos dunha peza musical *in process* cos instrumentos máis cotiás.

(Público Familiar)



26 Tromentelos

MARZO

CONCERTO / 20:30 h /

XOVES

Sala de exposicións do Pazo de San Marcos

«Folk de Velcro»

Tromentelos presenta en Lugo o seu primeiro disco, «Folk de Velcro». Tras anos de experimentación, ao fin deron coa fórmula axeitada que expresa as súas inxenuidades e que reflicte o seu gusto polo ecléctico. E sobre todo, que os identifica como músicos galegos, facendo música galega. Con inclusións, pero cunha base moi clara e que aparece en todos os seus temas. É un dos seus puntos fortes, o sabor a música do País que queda despois de escolitalos. O regusto dos sons propios.



Do 4 de febreiro ao 26 de marzo de 2015

Sala de exposicións do Pazo de San Marcos

(Dramaturxias de Baúl: Refectorio do MPL;

Acto público día 8: Praza de San Marcos).

Entrada libre ata completar aforo.

Máis información:

www.v1deputacionlugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

